

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

A LITERATURA CONTEMPORÁNEA, EN GALEGO

Un "Rinoceronte" para escritores e lectores

O «Rinoceronte» do título é unha nova editorial que está nacendo para gozo de lectores e alimento de escritores en lingua galega. Moisés R. Barcia, coñecido crítico e premiado tradutor, pon ó dispor da cultura galega os seus folgos e competencia e ofrécenos un novo selo editorial especializado na tradución ó galego da boa literatura contemporánea. Un artigo de **X.M. Rivas**.

- 10:30 29/06/2006

É un singular exemplo dos novos profesionais galegos que aprenderon a xestionar as súas capacidades ocupando un espazo ermo ou pouco traballado na sociedade galega. Labrando con ferramenta ben seleccionada, este novo editor espera que tamén en Galicia poida agromar e florecer o mundo da literatura universal.

Nos últimos vinte anos os editores galegos, a pesar dos seus esforzos e das multimillonarias subvencións, non foron capaces de normalizar a demanda espontánea de libros por parte dos lectores, e a grande calidade editorial dos seus produtos non se veu correspondida polo inapetente mercado. A oferta que nos fai «Rinoceronte» (www.rinoceronte.es) nace cos mellores criterios editoriais desta vella profesión. O libro, máis ca un produto de consumo rendible para o capital, volve a ser un medio de gozosa comunicación entre autor e lector, posible e viable debido á boa xestión dun culto editor.

Agora os lectores galegos podemos ler sen saír da nosa casa, na nosa propia lingua, obras de sona mundial e de grande actualidade como Seda do escritor italiano Alessandro Baricco, *O bosque dos raposos aforcados* do finés Arto Paasilinna e Herbario do húngaro Sándor Márai. As dúas primeiras obras, máis caras ca en galego, xa podían marcarse en castelán; pero o *Herbario* de Márai, para ledicia e sorpresa nosas, só pode ser lido por quen saiba húngaro ou galego.

A ferramenta ben seleccionada desta editorial son tamén os seus tradutores e correctores de estilo. Despois da primeira versión hai tres ou catro lecturas de distintos correctores que lle facilitan ó tradutor poder ofrecer un texto ben acabado e axustado ó orixinal. Ademais de María Cristina González Piñeiro, que traduciu Seda do italiano, Tomás González Ahola, tradutor do finés Paasilinna, e Fernando de Castro García, tradutor do húngaro, «Rinoceronte» conta cun bo equipo de tradutores máis alá das linguas maioritarias de Occidente. Moncho Iglesias, finalista no «Premio de tradución Plácido Castro 2006», traduciu do hebreo O condutor de autobús que quería ser Deus de Etgar Karet, que será a próxima entrega; Elías Portela traduce do islandés; Jairo Dorado, do serbio; Ekaterina Guerbek, do ruso; Fernando de Castro, do checo...

O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS novos (xuño 2005, nº109)